




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Outes. Parroquias: San Cosme de Outeiro. Extensión: 0,76 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Estas ladeiras montañosas de pendente moderada deben a suavidade da súa morfloxía á composición xeolóxica sobre materiais detríticos cuaternarios. Trátase dunha liña costeira que adquire liña convicta e na cal, os promontorios adoitan corresponderse con afloramentos de rochas de maior dureza que os materiais sedimentarios referidos, xa sexa granitos ou xistos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio case total dunha granodiorita herciniana precoz con megacristais. Con todo, existen varios enclaves e diques: un enclave de materiais metamórficos do Complexo de Noia (de idade precámbrico-cámbrica) en Punta Picouto; outro de ortogneis biotítico blastomilonítico na Punta do Requeixo; e varios de granito herciniano de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza; por último, en Punta de Carreiroa, aparece un dique de microgranitos. En Praia de Mallante aparece a principal representación do Cuaternario.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 15°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano superan os 1200 mm anuais alcanzando valores máximos de 1400 mm. Dominio climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Predominio dos solos tipo cambisol na maior parte da unidade. Na franxa costeira destacan os arenosoles asociados á praia de Mallante e os pequenos areais próximos.


AS AUGAS

Esta unidade componse dunha elevación do terreo, Picouto, cuxas ladeiras caen directamente ao mar nas Augas de Transición de Noia (20474). Polo tanto, a rede hidrográfica componse, só, de pequenas valgadas formadas por arrosios temporais.

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa e as formacións intermareais están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Costa mixta con tramos acantilados baixos e pequenas praias ademais do areal de Mallante. Ao hábitat 1230 de acantilados mariños atlánticos hai que sumar o 1210, de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados, que aproveita a intensa disección da plataforma rochosa e as pequenas praias de cantos. Ademais, no areal de Mallante, aparecen tipos moi degradados das dunas marítimas atlánticas (grupo 21). O interior está moi transformado, con extensas repoboacións. Non existen bosques ripícolas a destacar, citando só agrupacións de frondosas de repoboación nos campos de cultivo de Tavilo e Serantes.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A franxa litoral transcorre entre as Puntas de Requeixo e de Carreiroa, ambas as dúas con dous peiraos aptos para pequenas embarcacións de recreo. Esta franxa costeira combina a actividade que se desenvolve ao redor dos bancos marisqueiros e á vez enlaza todos os elementos necesarios para o gozo do ocio e actividades relacionadas, contando coa praia de Mallante como principal reclamo turístico, dotada de zonas de aparcadoiro, áreas recreativas, un paseo peonil bordeando o litoral e edificacións dedicadas ao uso hostaleiro. Destaca sobre o litoral o Monte de Picouto repoboado de piñeiro marítimo. A área destinada ao cultivo sitúase nun segundo plano ocupando a metade nordeste relacionada cos núcleos rurais ao norte da unidade.

MORFOLOXÍA

Os núcleos de Tavilo e Serantes de carácter rural están constituídos por vivendas unifamiliares con parcela propia bastante agrupadas formando núcleos concentrados. Os asentamentos máis recentes sitúanse nas proximidades da praia, son de carácter funcional e responden á demanda turística que ofrece esta zona.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Os núcleos de Tavilo e Serantes están comunicados coa estrada AC-6203 que relaciona os núcleos da zona. Dende a rede viaria local que conecta estes asentamentos parten tres estradas en dirección á costa, dúas delas atravesando o parcelario para dar acceso ás praias de Mallante e Bitareira, a terceira intérase no Monte de Picouto e conecta cunha das anteriores e cun paseo peonil que bordea a liña costeira. Existe outra vía ao oeste da unidade que enlaza directamente a praia de Mallante coa estrada AC-550, eixe principal da comarca.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Unha antiga carpintaría de ribeira situada en Punta Carreiroa constitúe o patrimonio cultural da unidade

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade queda definida por tres elementos que a articulan paisaxisticamente. Na liña costeira fúndense os dous primeiros elementos nun equilibrado contraste entre a laxitude da praia de Mallante e a elevación do Monte Picouto. O Monte de Picouto cuxas ladeiras caen directamente ao mar cobre en parte o terceiro elemento que compón a unidade e a praia ofrece un corredor natural que permite a visión do parcelario agrícola relacionado cos núcleos rurais de Tavilo e Serantes ao norte, conformando así, o terceiro elemento da unidade. Todo este conxunto ten un grande interese turístico que se aprecia no uso recreativo dalgunhas zonas.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As ladeiras do Monte Picouto forman unha vertente acantilada litoral introducindo un factor de contraste paisaxístico moi marcado respecto á visión laxa do areal de Mallante. Por outro lado o carácter tradicional e concentrado dos núcleos de Tavilo e Serantes, xunto ao parceiro agrícola, confiren á unidade unha dose moi pintoresca dunha paisaxe humana fronte aos enclaves naturais que forman o conxunto de praia e monte. A visión da paisaxe obtense dende o Monte Picouto, que pola súa estratéxica situación permite unha visión integrada do fondo da ría e parte dos seus esteiros, a marxe oposta e unha ampla panorámica da súa entrada. O valor ecolóxico da unidade vén dado pola inclusión da liña costeira no LIC Esteiro do Tambre e a súa inclusión na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. Unha antiga carpintaría de ribeira situada en Punta Carreiroa constitúe o patrimonio cultural da unidade e relaciónaa coa actividade predominante na comarca.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



